Universidade Vigo

Servizo de Prevención
de Riscos Laborais

MANUAL DE ACTUACIÓN DO PERSOAL PAS E PDI RELACIONADO CON MEDIOS AUDIOVISUAIS. VOLTA AO TRABALLO

INTRODUCIÓN

A pandemia de COVID-19 está supoñendo unha emerxencia sanitaria no mundo, que fai que para a contención da progresión da enfermidade sexa necesaria tanto a limitación temporal da libre circulación como o confinamento do persoal nos seus fogares.

Co inicio da reincorporación presencial do persoal, que se levará a cabo seguindo as indicacións no "*Protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte á Covid-19*", redactouse este manual de actuación.

O obxectivo deste manual é informar ao persoal relacionado con medios audiovisuais, das medidas preventivas a aplicar con respecto ao virus SARS-CoV-2 para garantir a súa seguridade e saúde, seguindo sempre os procedementos e recomendacións dadas polas autoridades sanitarias.

QUE É O NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2?

Os coronavirus son unha familia de virus que normalmente afectan só a animais, aínda que en ocasións poden transmitirse ás persoas.

O SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas e que produce a enfermidade chamada COVID-19.

CÓMO SE TRANSMITE O NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2?

A transmisión prodúcese por contacto estreito coas secrecións respiratorias xeradas coa tose ou o co esbirro dunha persoa enferma.

Estas secrecións poderían infectar a outra persoa se entrasen en contacto co seu nariz, os seus ollos ou a súa boca.

É pouco probable a transmisión polo aire a distancias maiores de dous metros.

O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días.

CALES SON OS SÍNTOMAS DA ENFERMIDADE COVID-19?

Os síntomas máis comúns inclúen malestar xeral, febre (>37º C), tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén poden aparecer síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal. A maioría dos casos presentan sintomatoloxía leve.

Nos casos máis graves, a infección pode causar pneumonía, dificultade respiratoria importante, fallo renal e mesmo a morte.

QUE É UN CONTACTO ESTREITO?

- Calquera persoa que proporcionase coidados a unha persoa con infección por SARS-CoV-2 ou con sospeita de infección.
- Conviventes, familiares e persoas que mantivesen unha relación próxima (distancia menor de 2 metros e polo menos durante 15 minutos) cun caso positivo de COVID-19 ou sospeitoso de selo.

QUE SON OS GRUPOS VULNERABLES PARA COVID-19?

O Ministerio de Sanidad define como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro na fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade (IMC>30), embarazo e maiores de 60 anos.

Para que se poida levar a cabo a valoración por parte da Área de Vixilancia da Saúde, é necesario seguir os pasos que se indican no Procedemento de Valoración de Grupos Vulnerables da Universidade de Vigo. https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-05/vulnerables_proced_covid19_gl_v01_0.pdf

Tamén se pode consultar en https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/avisos/aviso/show/28534

QUE FACER NO CASO DE PRESENTAR SINTOMAS COMPATIBLES CO COVID-19?

No caso de que o traballador/a que realiza traballo presencial presente síntomas compatibles cunha infección respiratoria aguda, proporcionaráselle unha máscara cirúrxica e retirarase da súa actividade, permanecerá illado/a no seu domicilio e terase que poñer en contacto co seu médico/a ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). O/a responsable avisará ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais. O médico da Área de Vixilancia de Saúde fará o seguimento dos contactos estreitos e tramitará a IT.

A bolsa de lixo na que se depositaron panos u outros produtos contaminados se introducirase nunha segunda bolsa con peche para a súa retirada ao contedor.

RISCO DE EXPOSICIÓN NOS POSTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Segundo a avaliación de risco de exposición específica que realizou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais establecese que, todos os postos da Universidade de Vigo encádranse dentro do escenario de baixa probabilidade de exposición (*táboa 1 "Escenarios de riesgo de exposición al coronavirus SARS-CoV-2 en el entorno laboral"* publicada polo Ministerio de Sanidad o 8 de abril de 2020*)* .

UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE PROPIEDADE DA UNIVERSIDADE

En canto á utilización dos vehículos da Universidade de Vigo en réxime de préstamo, teranse en conta as seguintes indicacións:

PRINCIPIOS XERAIS

1. Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor. Seguir as indicacións do anexo III de "Uso correcto das máscaras".
2. No interior dos vehículos, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
3. Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
4. Ao inicio e ao final da viaxe, utilizar o dispensador de preparación alcohólica para desinfectar as mans. No caso de empregar papel ou toallas, desbotalas na papeleira con tapa accionada polo pedal que se atopa, normalmente, a carón da porta traseira.
5. Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos, seguindo as indicacións do anexo II de "Uso correcto das luvas".
6. Na recollida e devolución dos vehículos da Universidade seguir sempre as indicacións do persoal da Unidade de Transporte e Distribución da Universidade de Vigo.

VEHÍCULOS DE ATA NOVE PRAZAS

Nos vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, recoméndase ás persoas usuarias seguir as medidas que se indican a continuación:

- Poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- Será obrigatorio o uso de máscara.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

ACCESO AOS CENTROS DE TRABALLO E ÁS ZONAS COMÚNS

PRINCIPIOS XERAIS


1. Se presentas calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) que puidese estar asociada ca COVID-19 non debes acudir ao traballo. Contacta co teu centro de atención primaria ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). Non debes acudir ao teu posto de traballo ata que che confirmen que non hai risco para ti ou para os demais.
2. Dálle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 2 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.
3. Ao acceder ao centro de traballo, lava as mans con auga e xabón durante 40-60 segundos seguindo as indicacións do anexo I de "Lavado de mans". Fai o mesmo ao rematar o traballo.
4. Evita o saúdo con contacto físico, incluído dar a man.

PORTAS

- Respecta a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respéctaas para evitar cruces de persoas.
- No caso de emerxencia, utiliza para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.
- Sempre que se poida, mantén as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

CORREDORES E ESCALEIRAS

- Respecta os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes:
  - **A.** En corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Se están sinalizados os sentidos sigue as indicacións, en caso contrario circula sempre pola dereita.



  - **B.** En corredores e escaleiras onde o ancho NON permita manter a distancia de seguridade, poden darse dúas situacións:
    - Se hai vías alternativas para o mesmo percorrido, unha será de ida e outra de volta e estará sinalizado o sentido único en cada unha delas.
    - Se non hai vías alternativas para o mesmo percorrido, sigue a sinalización respectando o sentido que ten preferencia.



- Non manteñas conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito para evitar aglomeracións.
- Nas bancadas dos corredores, ocupa os asentos de maneira que quede sempre baleiro o asento contiguo para gardar a separación de calquera outra persoa.

ASCENSORES

- Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas. Procura utilizar as escaleiras sempre que sexa posible.
- Cando sexa necesario utilizalos, a ocupación máxima destes será dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación de dous metros entre as persoas usuarias. No caso de persoas que precisen asistencia, permitirase tamén a utilización pola persoa acompañante.
- Para accionar a porta e os botóns do ascensor usa a man non dominante.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

ACCESO AOS CENTROS DE TRABALLO E ÁS ZONAS COMÚNS

ASEOS

- Os aseos contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa accionada por pedal. Evita no posible tocar calquera superficie.
- A ocupación máxima dos aseos será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización pola persoa acompañante.

ZONAS DE DESCANSO

- Establecer quendas para acceder de forma gradual ás zonas habilitadas para descanso e sempre respectando a distancia de seguridade mínima de 2 metros.
- Non compartas comidas, bebidas, vasos, botellas ou cubertos.
- Non utilices equipos comúns como fornos, microondas, neveiras, etc.
- Lava as mans ao chegar e ao saír.

MÁQUINAS EXPENDEDORAS E FOTOCOPIADORAS

- Ao remate do seu uso, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas.
- Para accionar os botóns destas máquinas emprega a man non dominante.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

PRINCIPIOS XERAIS

1. No interior do *plató*, nos despachos, entre os/as compañeiros/as, respecta a distancia de seguridade mínima de 2 metros.

2. Evita compartir ferramentas, obxectos persoais como teléfonos móbiles, tabletas e outro material como bolígrafos, lapis, carpetas, teclados, ratos, documentos. Para isto cada quen terá o seu material diferenciado. Así mesmo evitar compartir guións ou outros documentos impresos. Na medida do posible, evitarase a impresión en papel enviando toda a información necesaria por vía electrónica.

3. No caso do material de uso común como teléfonos fixos, pomos das portas, chaves da luz, etc., límpaos antes e inmediatamente despois do seu uso seguindo as instrucións do punto 6: "Desinfección e corentena do material".

4. Nas tarefas que teñan que ser realizadas por máis dunha persoa, sigue as seguintes opcións:

- Garda a distancia de seguridade mínima de 2 metros sempre que sexa posible.
- Se non podes gardar a distancia de seguridade, durante o tempo da operación, é obrigatoria a seguinte protección:
  - Máscaras: Máscara cirúrxica ou máscara FFP2 sen válvula. Sigue as indicacións do anexo III de "Uso correcto das máscaras".

5. Material de protección. Como norma xeral dispón do seguinte material de protección:

- Máscaras hixiénicas (UNE 0064-1-2) ou (UNE 0065) como medida complementaria á distancia de separación.
- Máscaras cirúrxicas (EN 14683) para utilizar no caso de que alguén presente síntomas compatibles ca COVID-19 ou estea incluído nalgún dos grupos vulnerables sen prexuízo do indicado no punto 4**.**
- Opcionais as máscaras autofiltrantes FFP2 sen válvula de exhalación.
- Luvas.

A máscara autofiltrante non presentará válvula de exhalación xa que neste caso o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención.

Recorda que sempre que poidas gardar a distancia de seguridade, non é necesario o uso das máscaras.

6. Limpeza, desinfección e corentena do material.

- Limpeza e desinfección mediante desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad: Aplica o desinfectante utilizando panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar a limpeza, nun cubo con tapa accionada por un pedal. Utiliza luvas que se desbotarán unha vez finalizada a tarefa.
  Os equipos ou o material que non se poden limpar con solucións desinfectantes límpaos con vapor u outros métodos de desinfección. Emprega sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies. Para produtos electrónicos recomendase o uso de alcohol isopropílico.
- Posta en corentena do material que polas súas características non permita a desinfección. Disporase dunha bolsa de plástico con mecanismo de peche ou dunha caixa onde a persoa usuaria introducirá o material prestado, que se colocará en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores. Utilizar luvas para esta operación que se desbotarán unha vez finalizada a tarefa.
  O tempo de corentena dependerá da permanencia do SARS-CoV-2 viable nas superficies. Segundo o Ministerio de Sanidad obtivéronse os seguintes resultados:

MATERIAL	TEMPO	MATERIAL	TEMPO
Cobre	4 horas	Papel	3 horas
Cartón	24 horas	Madeira, vidro	1 a 2 días
Aceiro inoxidable, plástico	Máis de 4 días	Roupa	1 a 2 días

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

PRINCIPIOS XERAIS

7. Hixiene.

As recomendacións hixiénicas para reducir o risco de contaxio son:

- Lava as mans frecuentemente con auga e xabón, especialmente ao inicio e ao fin das actividades en instalacións de uso compartido. Así mesmo, antes e despois dos descansos e antes e despois do uso de equipos e ferramentas. Ver anexo I de "Lavado de mans".
- Utiliza preparacións alcohólicas para a desinfección das mans.
- Evita tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas.
- No caso de tusir e/ou esbirrar, tápate cun pano de papel e tírao tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utiliza a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evita o contacto físico nos saúdos.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

TAREFAS MÁIS FRECUENTES NOS TRABALLOS CON MEDIOS AUDIOVISUAIS

ATENCIÓN AS PERSOAS USUARIAS

- Atende sempre que se poida a través da **pantalla ou barreira** ou no seu defecto garda a distancia de seguridade mínima de 2 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).
- No caso de ter que **acompañar** á persoa usuaria, garda a distancia de seguridade; se non fose posible, aplica o punto 4 do apartado "principios xerais".
- Sempre que sexa posible **impide o acceso** ás persoas usuarias ao interior dos despachos e ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecha ou instala elementos de división.
- Sempre que sexa posible, **organiza a entrada** de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade durante a espera.
- Nas zonas de acceso e nos puntos de contacto co público colocaranse dispensadores de solucións alcohólicas ou **desinfectantes** con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad.
- Coloca **carteis informativos** sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos.
- Un dos factores máis importantes para minimizar o risco de infección é **reducir o número de persoas** nos lugares de traballo. Para isto utiliza no posible as novas tecnoloxías de vixilancia remota e videoconferencia.
- Evita as **reunións** presenciais e, sempre que sexa posible, organízaas remotamente mediante videoconferencia. No caso de imposibilidade de conexión remota, minimiza a participación necesaria e, en todo caso, débese garantir a distancia interpersoal de 2 metros e a limpeza/ventilación adecuada dos locais.

PRÉSTAMO E DEVOLUCIÓN DE EQUIPOS E MATERIAL AUDIOVISUAL

Se algún outro departamento ou o alumnado solicitase o uso dalgún equipo ou doutro material, deberán facelo con antelación para organizar a súa dispoñibilidade. Os equipos ou o material entregarase previamente desinfectado e deberá ser devolto nas mesmas condicións, responsabilizándose do devandito material mentres estea na súa posesión.

O material solicitarase a través do espazo habilitado para isto na web da Universidade. Organiza a recollida de forma escalonada para evitar a confluencia de persoas.

O material deberá ser manipulado por unha soa persoa; no caso de ter que usalo outro/a compañeiro/a aumentaranse as medidas de precaución e desinfectarase adecuadamente, antes e despois de que o use outra persoa. Así mesmo se lavarán as mans ou utilizarase a solución alcohólica antes e tras o seu uso.

Recoméndase colocar caixas ou outro sistema para a recollida do material devolto, así a persoa usuaria depositará os equipos ou o material nelas evitando o contacto directo entre o material e o persoal de medios audiovisuais.

Desinfectar todo o material, incluída a mochila na que se transporta, antes do seu almacenamento e con preparacións alcohólicas, agás aquel que polas súas características non o permita. Nestes casos porase dito material en corentena seguindo as indicacións do punto 6 do apartado de "principios xerais".

Pasarán a corentena segundo do material que se trate. Identificar a data de depósito en corentena. Establece protocolos de envío e recepción de material para garantir que pasaron a corentena.

Os carros utilizados no traslado de material pesado serán desinfectados unha vez remate o traslado. Sigue as instrucións do punto 6 do apartado de "principios xerais".

Nas situacións nas que polo volume ou peso sexa necesario realizar a tarefa por máis dunha persoa e non sexa posible garantir a distancia de seguridade, cumpre co punto 4 do apartado dos "principios xerais".

Unha vez rematada a manipulación do material, proceder ao lavado de mans. Sigue as indicacións do anexo I de "Lavado de mans".

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

TAREFAS MÁIS FRECUENTES NOS TRABALLOS CON MEDIOS AUDIOVISUAIS

ESTUDIOS DE CINE, RADIO E TELEVISIÓN

A formación universitaria presencial, tanto teórica como práctica, non esta permitida nestes momentos, polo que non se poderán utilizar as instalacións onde se realizan ata nova orde.

Para cando se permita o acceso, teranse en conta as seguintes recomendacións que estarán en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes:

- Antes da apertura, as instalacións lavaranse e desinfectaranse utilizando desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad.
- Os equipos de traballo reduciranse ao número imprescindible de persoas.
- Sempre que sexa posible, manterase a distancia interpersoal con terceiros, así como o uso de equipos de protección axeitados ao nivel de risco.
- Naquelas actuacións en que non se poida manter a dita distancia de seguridade, nin o uso de equipamentos de protección adecuados ao nivel de risco, como é o caso daqueles en que interveñan actores e actrices, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir dos protocolos e recomendacións das autoridades sanitarias.
- Débense considerar os requisitos para as persoas involucradas requiridos na acción e adaptalos para garantir que se poidan cumprir cos requirimentos de distanciamento interpersoal esixidos.
- Cando sexa posible, sinalizarse con marcas no chan a distancia de seguridade interpersoal mínima.
- Os equipos e material de comunicación deberán ser persoais e intransferibles. No caso de ter que compartilos, as partes en contacto directo coa persoa dispoñerán de elementos substituíbles.
- Os equipos que deban ser manipulados por diferentes persoas deberán ser desinfectados antes de cada uso. Dispoñer de desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad.
- Realizar a comunicación por medio de walkies para limitar o contacto persoal próximo. Os walkies serán de uso individual e intransferible e irán debidamente identificados, con fundas de plástico e *pinganillo*. Cada un ten a responsabilidade de manter este en perfectas condicións de hixiene. Os *pinganillos* entregaranse na súa bolsa pechada e poderanse hixienizar, cando sexa requirido, cunha solución alcohólica ao 70%.
- Fala a través do walkie cubrindo a boca e colócao na zona do peito, o que obriga a falar en dirección cara abaixo.
- Cada auricular desinfectarase por completo e proporcionarase unha cuberta de micrófono nova/limpa ao comezo da xornada de rodaxe; outra opción é plastificalo. O/a responsable asegurarase de que todas as baterías se limpen cando se entreguen. Calquera persoa cun auricular será informada de que non comparta este.
- Tamén se recomenda dispoñer dun sistema de escoita *inalámbrico* do tipo "*circuíto guide*" que permitiría escoitar as instrucións mantendo o distanciamento interpersoal.
- É moi importante intensificar a limpeza dos lugares de traballo ao inicio e ao final da xornada.
- Para a desinfección do *fondo croma* así como o *ciclorama* e as cortinas acústicas, seguir as indicacións do fabricante.

Vestiario

Se nalgún momento contase, con vestiario propio do departamento ou área para ser utilizado polas persoas usuarias, actores e actrices, figurantes, presentadores/as, entrevistados/as, etc., gardalo individualizado en bolsas identificadas para evitar calquera posible contaminación cruzada coa roupa doutra persoa. O vestiario debe proporcionarse colgado individualmente na súa propia funda, non mesturar roupas de personaxes en burros.

O vestiario non se compartirá en ningún momento por diferentes persoas se non se lle realizou unha limpeza e desinfección previa.

Se nalgún momento a Universidade realizara préstamo de roupa, implantaranse medidas para que as prendas sexan hixienizadas antes de ser facilitadas a outra persoas.

TAREFAS MÁIS FRECUENTES NOS TRABALLOS CON MEDIOS AUDIOVISUAIS

Dispoñer dun spray desinfectante de tecidos para asperxer á roupa durante a xornada de rodaxe sempre que sexa posible.

Para o lavado, a limpeza e a desinfección do vestiario, seguiranse as indicacións dos fabricantes en función do tipo de tecido e as recomendacións emitidas polo Ministerio de Sanidade respecto aos produtos máis efectivos para a eliminación do virus tipo COVID-19.

Maquillaxe e perrucaría

As brochas, aplicadores, etc., de maquillaxe e os útiles de barbería utilízaos individualizados para cada persoa. Intensificación dos protocolos de limpeza do material e utilización de brochas e aplicadores dun só uso, sempre que sexa posible. Todos os demais equipos deben someterse a unha limpeza profunda antes e despois de calquera xornada de rodaxe.

Favorecerase o uso de produtos en crema e ceras antes que os pos. Estes produtos serán dispostos en paletas para evitar ao máximo a contaminación do produto orixe por contacto cos envases. Sempre que sexa posible, as persoas usuarias maquillaranse cada un a se mesmo.

Se é necesario utilizar postizos, perrucas, etc., actuar como co vestiario.

Realiza a desinfección de todo o material que se poida. Sigue as indicacións do punto 6 do apartado "principios xerais".

Atrezzo

Realizar unha limpeza e desinfección adicional aos elementos de *atrezzo* crave/mobles/elementos do decorado, coas que teñan interaccións as persoas usuarias ou o persoal da Universidade.

Limitalas persoas que teñan contacto con calquera *atrezzo* crave. Sempre que sexa posible serán manexados por unha soa persoa. Antes e despois do seu uso, realizarase unha desinfección de todos os elementos do *atrezzo*.

***Plató* set**

Organizar o traballo de xeito que se garanta que a manipulación dos equipos ou do material audiovisual realizarase polo menor número de traballadores/as posible.

Cada vez que un grupo empece ou finalice os seus traballos no *plató/set*, esterilizarase calquera área compartida antes de que o próximo grupo comece a traballar nel.

Evitar tocar, apoiarte, mover, etc., calquera superficie ou equipo que non sexa necesario.

É necesario ventilar e desinfectar cada lugar de rodaxe antes, durante e despois de cada xornada de traballo.

Dispoñer de solucións alcohólicas, luvas, así como de instalacións de lavado de mans. Extrema as precaucións, lavado de mans ou uso de solución desinfectante antes e despois do uso de equipos ou doutro material, sigue as indicacións do anexo I, "Lavado de mans".

Os accesos dentro do *set* deben manterse despexados e dispoñerase dun ancho de paso de 2 metros sempre que sexa posible.

Sempre que se poida, débense organizar accesos unidireccionais dentro e fóra dos lugares, para evitar cruces de persoas en espazos reducidos ou limitados.

Iluminación, fotografía e son

Só o persoal autorizado manexará calquera equipo, incluídos focos, trípodes de iluminación e accesorios como sacos de area.

Todos os equipos e material deberán estar desinfectados.

TAREFAS MÁIS FRECUENTES NOS TRABALLOS CON MEDIOS AUDIOVISUAIS

Cada toma debe ser avaliada polo/a responsable, valorando o risco de transmisión durante a súa execución, adoptándose as medidas apropiadas para garantir a hixiene e a distancia interpersoal.

Recoméndase que cada cámara sexa unicamente manipulada polo operador/a, ou foquista e o auxiliar de cámara. O equipo de cámara deberá dispoñer de desinfectantes para mans para aplicarse con frecuencia. Débese implementar unha medida segura para manipular e compartir tarxetas de memoria co equipo de vídeo, que podería incluír a posibilidade de limpar tarxetas e estoxos para tarxetas utilizando luvas que se retirarán unha vez rematada a limpeza, seguindo as indicacións do anexo II, "Uso correcto de luvas". A continuación lavaranse as mans seguindo as indicacións do anexo I, "Lavado de mans".

Débese asignar suficiente espazo de traballo para que calquera traballo de retoque poida realizarse de maneira segura e de acordo coas medidas de distanciamento. As cámaras fixas, as cámaras remotas e as configuracións do tipo "lapso de tempo" deben considerarse como alternativas.

Recoméndase habilitar unha caixa ou contedor "*dirty box*" de material lavable, onde se depositarán todos os elementos que estivesen en contacto coa cámara como baterías, filtros, etc., para a súa posterior desinfección. Dependendo do tipo de proxecto e sempre que sexa factible, recoméndase aumentar a comunicación *inalámbrica*, como *intercoms*, walkies, etc. A comunicación a distancia reduce o risco de contaxio. Sempre que sexa posible recoméndase o uso de micrófonos de pértega.

Envolver, se é posible, os micrófonos en plástico durante o seu uso. Cando non se poidan cubrir con plástico debido ao ruído que fai e que pode modificar a resposta do micrófono, nin se poida manter lonxe dos actores e/ou actrices, se transportaranse en fundas ou recipientes hixienizados, e durante os cambios de secuencia desinfectaranse tanto as escumas como os sistemas antiventos que recubren o micrófono

Durante o *microfonado* usaranse luvas de nitrilo e máscaras de protección FFP2. Desbotar as luvas nunha papeleira con tapa accionada por un pedal, tras cada uso. Lavado de mans ou uso de solución alcohólica. Calquera equipo ou outro material que entre en contacto co o profesorado, persoal técnico ou alumnado debe desinfectarse antes de ser asignado a outra persoa.

A colocación dos micrófonos no vestiario podería axudar a diminuír o contacto debido a que os micrófonos e demais materiais necesarios xa estarían dispostos na roupa.

Cada receptor debe ser utilizado unicamente por unha persoa, identificalos co nome da persoa que o utilice para que non se confundan. Cada persoa debería utilizar os seus propios auriculares por motivos hixiénicos debido a que é un material cun alto risco de contaxio.

Consultar ao fabricante sobre como desinfectar escumas e outros accesorios. Algúns destes materiais poden verse afectados por métodos de desinfección que os expoñan a fontes de calor, corrosión, humidade, etc.

En relación co uso de luvas, hai que deixar claro que a vía de entrada do virus non é dérmica polo que, aínda que leve luvas, o realmente importante é non tocarse ollos/nariz/boca, con ou sen luvas, sen un lavado e desinfección de mans previos. Ademais, para evitar contaminar superficies, hai que extremar a hixiene de mans e/ou cambiarse periodicamente as luvas.

As salas de postprodución e cabinas de locución de radio, serán de uso individual salvo nos seguintes casos:

- Que se garanta a distancia interpersoal mínimo de 2 metros.
- Que se coloquen pantallas.
- Que sexa obrigatorio o uso de máscara.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

ANEXO I

LAVADO DE MANS




1. Molla as mans con auga	**2. Deposita xabón suficiente na palma da man**
	
3. Frega as palmas das mans	**4. Frega a palma dunha man contra o dorso da outra entrelazando os dedos**
	
5. Frega as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados	**6. Frega o dorso dos dedos dunha man coa palma da oposta; realizar en ambas as mans**
	
7. Cun movemento de rotación, frega o polgar atrapándoo coa palma da outra man	**8. Frega as xemas dos dedos dunha man coa palma da outra con movementos de rotación**
	
9. Enxauga as mans con auga	**10. Seca as mans cunha toalla que se poida desbotar**
	
11. Utiliza a toalla para pechar a billa	**12. Este proceso debe durar entre 40 e 60 segundos**
	

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.



ANEXO II

USO CORRECTO DAS LUVAS

PONER AS LUVAS

1. Lava as mans	2. Saca unha luva da caixa
	
3. Trata de tocar só a superficie da luva correspondente ao pulso	**4. Pon a primeira luva**
	
5. Saca a segunda luva tratando de tocar só a superficie correspondente ao pulso	**6. Evita tocar a pel do antebrazo coa man con luva, para iso suxeita a superficie externa da luva cos dedos dobrados**
	

QUITAR AS LUVAS

1. Belisca o exterior da primeira luva e retíraa sen tocar a súa parte interior do mesmo; mantena na man con luva	2. Retira a segunda luva introducindo os dedos polo interior e sen tocar a súa parte externa	3. Quita a luva enrolándoa fóra da man e dobrándoa dentro da primeira luva
		
4. Refuga as luvas usadas	**5. Lava as mans**	
		

ADVERTENCIA ⚠


Todo o que toques coas luvas, se estas están contaminadas, vaise contaminar, polo que non debes tocar a cara coas luvas.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.

ANEXO III

USO CORRECTO DAS MÁSCARAS

POÑER A MÁSCARA

1. Lava as mans	2. Toma a máscara pola parte dianteira, deixando que as cintas de suxeición colguen
	
3. Pona sobre a cara e pasa as gomas pola cabeza; debes colocar unha goma por encima das orellas e a outra por debaixo	4. Axusta os bordos da máscara ao contorno da cara
	
5. Pon as xemas de dous dedos de ambas as mans no clip nasal e moldéao adaptándoo ao nariz	6. Cubre a parte frontal da máscara con ambas as mans e exhala con forza para comprobar se hai fuga de aire. Se hai fuga, volve a axustala
	

QUITAR A MÁSCARA

1. A máscara é a última protección que debes retirar	2. Retira a máscara sen tocar a parte dianteira contaminada	3. Lava as mans
		

ADVERTENCIA

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes.